

Xaquín Lorenzo


1907-2007

“Cen anos de recolla”

Baldomero Iglesias Dobarrio

Xaquín Lourenzo, Xocas, que nacera no ano 1907 do século pasado tiña unha visión totalizadora da cultura galega que o levou a tocar todos os campos da mesma. Recolle con suma corrección, sen interese historicista, sobre o pasado pero tamén sobre o presente da súa época. Chega á conclusión de incidir eficazmente nunha visión que non debe ser parcial, nunha recolla na que o material non estea illado, senón adobiada con aqueles aspectos que a integran no interese e no coñecemento, na explicación dese aspecto dentro da cultura, cos seus enlaces, as contextualizacións, o ambiente e a atmosfera na que se desenvolve cada dato, cada relato atopado, cada información.

Nós, o Mini e máis eu, levamos case corenta anos recollendo cultura tradicional. Facémolo dun xeito primitivo e autodidacta. Sen prásas e no vagar das horas longas dos invernos. Facémolo por inmersión: nós non somos especialistas de nada, pero tampouco andamos picando por moitos sitios e quedando con aquilo que só se ve na superficie. Non, non. Queremos formar



Cantigueiro Popular da Limia Baixa. Edición da Deputación de Ourense e do Museo do Pobo Galego.

Xaquín Lorenzo recolle con suma corrección, sen interese historicista, sobre o pasado pero tamén sobre o presente da súa época.

parte desa comunidade que estudamos e na que fundamentalmente recollemos. Ese –cremos– é o mellor xeito que nos pode permitir, máis adiante, dar razón –como a calquera outro– daquel ou daqueloutro elemento recollido e que despois contamos tal e como foi vivido. Non nos interesa a cantidade nin a descrición máis ou menos obxectiva do que nos chama a atención

Colaboración de "Mini"
en Raigame nº 7

Nós, Mini e máis eu, levamos case corenta anos recollendo cultura tradicional... Precisamos identificar o medio e sentirnos un elemento máis del. Precisamos do envoltorio e do envolvido... De que vale recoller unha cantiga se non sabemos o que a arrodea nin cal era o seu motivo, as súas condicionantes, as razóns e significados que a facían propiedade comunal e que facía que tivese os atractivos necesarios para perdurar.



MÚSICA POPULAR

Tempo de Reis

Texto:
Xosé L. Rivas Cruz "Mini"
Ilustracións:
Debuxos de Santiago Gutiérrez Gómez
Figuras de A. Baltar

Vai para quince anos que un grupo de mozos da parroquia onde vivo decidimos medio en serio, medio en broma, formar unha cuadrilla de Reiceiros e saírmos a canta-los Reis. Recabamos información entre os vellos que saíran anos atrás cantalos, aprendímolos e o día cinco de xaneiro, arredor duns doce mozos batámonos a cantar de casa en casa pola nosa parroquia e máis pola veciña.

Dixen que iamos un pouco á aventura porque había vintetantos anos que se deixara de practicar este costume. Nos pensábamos que era un xeito de esmorga coma corre-lo Antroido e, a fé miña que levamos unha boa lección.



A velliña con párkinson movía os labios cantando as estrofas a canda nós, e unhas bagullas corrían polas súas meixelas.

Na primeira casa onde pedimos licencia para cantar, tomáronnos de coña, pero cando viron que levábamos gaita de fol e percusións invítáronnos a entrar e a cantar. Nunha bucólica paisaxe: lareira, fume, cheiro a corte e vacas, e vella á beira do lume incluída, comezamos. A xente que antes estivera de farra connosco, ó senti-las primeiras palabras e notas mesturadas, trocou os risos por un relixioso silencio. A velliña con párkinson movía os labios cantando as estrofas a canda nós, e unhas bagullas corrían polas súas meixelas. Os da casa agachaban a cara cos ollos encarnados e a todos se nos puxo un nó na garganta. Aquilo era unha celebración colectiva e nós un xeito

–quizais máis alonxada, anque menos parcial– e que non ten en conta aos suxeitos. Nós precisamos identificar o medio e sentirnos un elemento máis del. Precisamos do envoltorio e do envolvido. E isto que semella tan doado aprendémolo a forza de moitas equivocacións e de patear constantemente as dimensións -que semellan- máis pequenas do que podía ser considerado superfluo á hora de definir un feito cultural. Nun principio eramos máis escolleitos e iamos directamente por aspectos determinados da música, das cancións e os seus

textos: grave erro. Recollimos aspectos inequívocos pero tamén moitas parcialidades, pequenas mostras que non amosaban o realmente grato e explicativo de cada recolla, o todo que os envolvía, os datos íntimos de cada historia, os comentarios e apreciacións máis sutís. De que vale recoller unha cantiga se non sabemos o que a arrodea nin cal era o seu motivo, as súas condicionantes, as razóns e significados que a facían propiedade comunal e que facía que tivese os atractivos necesarios para perdurar, facéndoa participativa e



MÚSICA POPULAR

Os Vilancicos

Texto:
Baldomero Iglesias Dobarrio "Mero"
Ilustracións:
Debuxos de Santiago Gutiérrez Gómez
Figuras de A. Baltar

Chegado o tempo de caducidade do ano, chega tamén o tempo singular de esperanza para que a luz volva. Agárdase un Sol cheo que faga duradeiros os días, máis cás noites, e que alonxe o escuro inverno e que faga renacer a Natureza e espertar do seu letargo a vida.

Chega así o ciclo de Nadal, unha superposición relixiosa por riba de ritos ancestrais e pagáns do solsticio de inverno que se perden na noite dos tempos, que mudaron as celebracións do fin do ano solar en celebración do Nacemento dun Deus-Neno, na humildade dun pesebre e entre pallas.

Coma calquera celebración dun tempo, o Nadal, ten un modo peculiar de se anunciar: a climatoloxía invernal coas xeadas ventoeiras, noites longas-días curtos, humidade no ambiente, neboeiros, a natureza espida, unha alimentación propia e característica, roupas abrigosas, descanso de certos labores e traballos, a procura de fontes de calor (físico e anímico) que propiciaran xuntanzas diante do fogar no arredendo de ulidos primixenios dun lume enfeitizador que levanta lapas e dispara muxicas no medio dun resplandor que ilumina na ausencia do astro. Proxéctanse sombras e siluetas familiares e séntense

os rumores das achas que se entregan a un lume novo e purificador, mentres estalan como facían hai xa centos e miles de anos. Xurden as palabras e algún canto ou música que aparece como reflexo identificador dunha simple expresión estética, ou unha danza ou calquera outra manifestación artística encadrada no seu tempo, no entorno preciso, e que a partir de entón vai seducir a todo un grupo e mesmo a exaltalo facéndose aparecer como intérprete de sentimentos.

*"Triste é a noite sen Lúa
negro é o día sen Sol
e a pena da miña alma*

79

propiedade anónima e común. Só dese xeito convocaban aos afectos, á danza ou á interpretación expresiva de calquera xeito, instrumental ou de voces. Mesmo cando tiña o seu momento preciso e axeitado, ou cando despois de determinados labores –de verán ou inverno– era requirida, sabendo por suposto quen era o protagonista que a debía iniciar e a quen ía dirixida.

Aprendemos a valorar nas recollas posteriores. Aquelas nas que xa sabes o valor

das informacións e dos informantes. Nelas buscas e gardas, agardando datos novos e importantes, que xorden espontaneamente no recorrer das tardes a redor dun café ou duns pinchos. Levounos tempo aprender que non é certo que nós posuamos a Cultura, senón que é a Cultura a que nos posúe a nós e "afortunadamente" transcende de nós. Somos nós os que pasamos sobre dela e, xa que logo, debemos facer un acto de fonda humildade para cando esculquemos nos seus pousos, ser moi rigorosos á hora de dar novas dese material

Colaboración de "Mero"
en Raigame nº 7

Estes traballos de recuperación fanse, unicamente, polo interese de defender a nosa propiedade, a verdade que nos posúe e que é a dignidade toda dun pobo... Estudando canto vemos e observamos estamos diagnosticando o pasado e, probablemente, garantindo un coñecemento do futuro, sempre incerto.

Falou comigo e o gran home das recollas comentaba precisamente, facendo uso da súa grande experiencia, que os castros e as construcións non tiñan présa por se descubrir e amosar...mentres que as recollas directas dos informantes, das que falabamos, había que rescatalas xa do esquecemento, recollelas e recoller canto vestixio da súa existencia puidese ser recompilado. Isto si que era urxente e necesario.



*Xaquín Lorenzo.
Debuxo de Santiz.*

que afortunadamente atopamos. Levounos tempo saber que esa Cultura que ansiamos, non só pretende reconstruír un pasado senón que é garante de futuro porque é un modo de sentir e de sentirse útil diante o mundo. Coa dignidade do propio. Cos nosos sentimentos compartidos en pertenza. A tradición é a escola dos sentimentos e da orixe. Lembremos que o peor que lle pode pasar ás persoas é non sentir.

Nesa tradición están os datos da economía baseada no respecto polo medio, das técnicas ancestrais de supervivencia, das claves sociais de cohesión de todos os elementos que integran a comunidade, da lingua e os códigos de comunicación xuntos coas súas variedades e estruturas, todas as artes en manifestación permanente marcando as lindes e os contornos de todas as formas expresivas, das paisaxes, da construción, das solucións certas aos problemas cotiás, dos argumentos que producen satisfacción sabéndose na orixe. Son crenzas, usos sociais, métodos de traballo, produción literarias e teatrais: a intimidade humana coa terra, as

súas melancolías, festas, tristuras, cultos e celebración, sentimentos e afectos, teimas, gastronomía...

Mais –como inconscientes descoñecedores do moito que nos aporta– cada día se produce unha ruptura enorme con todo aquilo. A industrialización, as présas, os cambios constantes, as readaptacións, as homoxeneizacións, os fluídos demográficos, as mestizaxes, as culturas enlatadas, as rotondas desorientadoras... Son rupturas coa vida sosegada que está en contacto coa terra, observando o que pasa, vendo como medra a herba, como locen no ceo as estrelas, como flúe o tempo. Nunha palabra: vivindo a cultura no seu propio hábitat.

Se por riba consideramos que a nosa Cultura está nun momento moi fráxil, como legado histórico que perdurou no tempo e que chegou onda nós coa súa forza vital, temos que ser tallantes ao afirmar que non merece máis maltrato nin ser manipulada de calquera xeito senón pola contra, estudada con rigor e conformando aquel conxunto

de formas de coñecemento e expresión, singular dos humanos que habitamos esta realidade, que está enraizada na mesma historia nosa. Sabemos que esta Cultura, no noso país, está oficializada e perdida polos corredores dun dirixismo asfixiante que máis que favorecer, esteriliza. Ás veces mesmo dá noxo porque consigna unha cheirenta mediocridade. Menos mal que a xente da Cultura, realmente a que está polo labor, non quere formar parte dese coro adulator que todo o resolve con cartos e evasivas de “performance e de vangardas misteriosas –que precisamente obvian o noso, din que é mestizaxe– e están auspiciadas por unha rara e minoritaria especie de seudointelectuais”. Na abundancia, fan vídeos cos xenerosos diñeiros, rindo as grazas ou facendo carantoñas.

Sería oportuno lembrar que a Cultura á que nos referimos, non se inventa senón que é un valor e que foxe das compoñendas, medrando á intemperie, libre e protexida unicamente por todos nós. Esa Cultura que moitas veces ignoramos, ou o que é peor: rexeitamos, ignorándoa. Sen facer por saber nada dela.

Estamos falando desa Cultura en serio, claro está. Da que ninguén debe agardar sacar –polo menos dos seus estudos– rendibilidades económicas. Estes traballos de recuperación fanse, unicamente, polo interese de defender a nosa propiedade, a verdade que nos posúe e que é a dignidade de toda dun pobo. Recóllense as esencias básicas para a existencia, para esa singularidade que a identifica e satisface. E non debe ser luxada baixo ningunha razón ou desculpa. Estudando canto vemos e observamos estamos diagnosticando o pasado e, probablemente, garantindo un coñecemento do futuro, sempre incerto. Facemos o seu diagnóstico. Non debe ser manipulado ese legado. Nin facer que evolucione a golpe de impulsos forzados, de modas de conveniencia –segundo o momento e a oportunidade– ou precipitadamente, impri-

míndolle adrede deformacións persoais ou copias con incorporacións foráneas forzadas, case sempre sen xeito e que –por sorte– non perduran e acaban perdidas no esquecemento.

Isto que aquí relato, é o baseamento daquela última conversa. A que mantivemos en Ourense co Xocas. Nós dabamos un concerto co Grupo A Quenlla nunha daquelas campañas de “Entre nós, en galego”. Falou comigo, ao remate, e o gran home das recollas, xa moi velliño, mestre do “labor de campo” feito coa máis fina sensibilidade e prestancia, sabio e sempre con toda a dignidade, comentaba precisamente, facendo uso da súa grande experiencia, que os castros e as construcións non tiñan présa por se descubrir e amosar, que moitas veces era mellor agardar ao momento máis oportuno, que podían agardar baixo terra a facer o labor de análise e mostra con toda a prudencia e sen apuro. Mentres que as recollas directas dos informantes, das que falabamos, había que rescatalas xa do esquecemento, recollelas e recoller canto vestixio da súa existencia puidese ser recompilado. Isto si que era urxente e necesario. Eu lembro ao Xocas ese día, contento e satisfeito tamén, de que antes de cantar cada peza e ao amosar as nosas cancións tradicionais, fixeramos as contextualizacións oportunas de cada unha, aludindo a consideracións de significados, lugares de procedencia, motivos e situacións que amosan, intérpretes e informantes, etc. Lembroume moito o interese que tiña polo que faciamos e aconsellounos sabiamente, animándonos a recoller con moita delicadeza, sabendo que é un material moi fráxil e importante. Que cómpre significar e deixar constancia ata do máis mínimo detalle, por pequeno que pareza. Estivo de acordo tamén en que as recollas mellores son aquelas que se fan con sosego, con dedicación e observancia, sobre todo das dimensións que escapan dunha primeira ollada que case sempre está falta de apreciación e rigor.

Levounos tempo aprender que non é certo que nós posuamos a Cultura, senón que é a Cultura a que nos posúe a nós e “afortunadamente” transcende de nós.



Os traballos de Xaquín Lorenzo constituen un testamento de toda a nosa cultura "material" creada e perfeccionada ó longo dos séculos polos devanceiros e devanceiras.

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ

Etnógrafo, historiador. Membro do Padroado do Museo do Pobo Galego, da ponencia de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega, etc. Autor, entre outros, dos seguintes libros: *O refraneiro do mar* (1988, 2ª. ed. 1993); *A festa dos maíos en Galicia. Unha aproximación histórico-antropolóxica ó Ciclo de Maio* (1989, Premio de Investigación Deputación de Pontevedra); *Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense: Notas históricas e situación presente* (1991, 2ª. ed. 2000); *As festas cíclicas do ano*

(1992); *A Coca e o mito do dragón* (1993); *A produción tradicional do ferro en Galicia: As grandes ferrerías da provincia de Lugo* (1994, 2ª. ed. 2000, Premio de Investigación Deputación de Pontevedra); *Arquitectura e tecnoloxía populares no val de Ancares (León)* (1996); *Galegos na Historia: Antonio Fraguas* (1998); *Nos lindeiros da galeguidade: Estudio antropológico do val de Fornela. Etnohistoria, Etnomusicoloxía, Etnografía*, con X.M. González Reboredo e L. Costa Vázquez-Mariño (2002); *La iglesia y el cementerio de Santa María a Nova de Noia*, con Suso Xogaina -fotografías- (2003);

O Ribeiro: terra, auga e viño, con J.A. López Martínez -fotografías- (2003); *Os cruceiros* (2003); *Cruces e cruceiros antigos de Vilagarcía de Arousa*, con X.R. Marín Martínez (2003); *Historia do traxe popular galego* (2005); *Román Martínez de Montaos, un facendista galego do século XIX* (2006)... En decembro de 2003 publicou a primeira biografía de Don Xaquín, na que fai un minucioso estudio da vida e da obra do ilustre sabio ourensán: *Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas", 1907-1989. Unha vida dedicada á Nosa Cultura* (colección "Memorialia", Editorial Toxosoutos).